

## Confianza empresarial COMUNICADO

---

### Diminución da confianza empresarial no terceiro trimestre de 2007

#### O indicador de confianza empresarial reflicte a desconfianza dos empresarios

As empresas que responderon á enquisa do terceiro trimestre do ano non ven con optimismo a evolución da súa actividade; por sectores, os indicadores presentan valores negativos, agás no caso do comercio polo miúdo. Ademais, o IGE elabora, a través da ponderación dos indicadores sectoriais, un indicador de confianza para o total do tecido empresarial galego, que tamén presenta signo negativo e diminúe con respecto ao trimestre anterior en 9,3 puntos.

---

#### CONFIANZA EMPRESARIAL. 3ºT/2007

Unidade: promedio de saldos ponderados

	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto de servizos	Total
IGACE	-19,4	-13,0	6,7	-12,1	-12,6

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

---

Con respecto aos resultados do trimestre anterior, a industria é a que presenta unha maior diminución, debida ás previsións sobre emprego e resultado neto de explotación para o seguinte trimestre e á situación actual da carteira de pedidos, que diminúen considerablemente. Tamén diminúe a confianza no sector da construción, pasando de valores positivos a negativos, debido ás previsións negativas sobre resultado neto de explotación, emprego e evolución da actividade no seguinte trimestre.

O comercio polo miúdo, aínda que mantén certo grao de optimismo, cun indicador de confianza con signo positivo, debido ao incremento da valoración da situación xeral e ás vendas no trimestre actual, diminúe 11,2 puntos. Por último, o resto de servizos, aínda que no segundo trimestre presentaba xa un valor negativo, mellora lixeiramente as súas expectativas (incremento de 3,9 puntos), debido fundamentalmente á mellora na carteira de pedidos e na cualificación da situación actual.



Segundo a opinión facilitada polos seus responsables, máis da metade das empresas consideran que a evolución da súa actividade no trimestre se mantivo estable.

---

#### EVOLUCIÓN ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA. 3ºT/2007

Unidade: porcentaxe de empresas

	Incremento	Estabilidade	Diminución
Industria	26,3	43,0	30,6
Construción	3,4	85,3	11,3
Comercio polo miúdo	20,9	63,7	15,4
Resto de servizos	22,2	55,9	21,8
<b>Total</b>	<b>20,9</b>	<b>57,0</b>	<b>22,2</b>

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

---

#### Dificultades indicadas polos empresarios

En canto ás dificultades que tiveron os empresarios no desenvolvemento da súa actividade no terceiro trimestre do ano 2007, o 40% dos mesmos sinalou a escaseza de man de obra cualificada e case a cuarta parte indicou a existencia de problemas financeiros; por outra parte, o 39,5% dos empresarios indicaron non ter dificultades que salientar no trimestre.

Se comparamos estes resultados cos obtidos no trimestre anterior, diminúe a porcentaxe de empresas que indican algún tipo de problemas, e increméntase en máis do dobre as empresas que non sinalan dificultades no trimestre.

---

#### DIFICULTADES DAS EMPRESAS. 3ºT/2007

Unidade: porcentaxe de empresas

Escaseza man de obra cualificada	40,8
Escaseza man de obra non cualificada	2,4
Escaseza aprovisionamentos	0,7
Problemas financeiros	24,0
Sen dificultades que sinalar	39,5

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

---

### Previsións para o último trimestre de 2007

Tanto no comercio polo miúdo como no resto dos servizos, cerca da cuarta cuarta parte dos empresarios confían en que verán incrementado o resultado neto de explotación no último trimestre do ano con respecto ao do terceiro trimestre, mentres que na industria dúas terceiras partes consideran que se manterá estable e no caso da construción, case o 70% dos empresarios cren que diminuírá.

As empresas de maior tamaño son as que nunha maior porcentaxe consideran que manterán estable o resultado neto de explotación, case o 94% das empresas de máis de 150 asalariados, mentres que entre as empresas de ata 50 asalariados a sexta parte considera que aumentará este resultado económico.

En canto ao emprego, aproximadamente a metade dos empresarios confía en que se manterá estable no seguinte trimestre. Por sectores, tanto no comercio como no resto de servizos, máis da quinta parte dos empresarios cren que incrementarán o emprego, e no caso da construción case o 70% consideran que diminuírá.

Analizando as expectativas sobre os investimentos, tanto na construción como no comercio polo miúdo máis do 85% das empresas prevén estabilidade, e menos do 10% pensan que diminuírán. Na industria máis do 70% das empresas considera que se manterán estables con respecto ao terceiro trimestre do ano. No caso do resto de servizos, máis da cuarta parte dos empresarios pensan que aumentará o nivel de investimentos, e aproximadamente a metade consideran que se manterán estables.

#### PREVISIÓN. 4ºT/2007

*Unidade: porcentaxe de empresas*

##### Resultado neto de explotación:

	Incremento	Estabilidade	Diminución
Industria	2,8	66,2	31,0
Construción	5,0	25,6	69,4
Comercio polo miúdo	24,5	44,3	31,2
Resto de servizos	23,8	54,3	21,9

##### Emprego:

Industria	0,2	65,9	34,0
Construción	0,7	30,4	68,8
Comercio polo miúdo	16,8	57,5	25,7
Resto de servizos	22,1	56,5	21,3

##### Investimentos:

Industria	1,5	71,1	27,3
Construción: bens de equipo	1,6	89,2	9,1
Construción: outros investimentos	3,8	87,6	8,6
Comercio polo miúdo	7,6	86,0	6,5
Resto de servizos	27,0	52,0	21,0

*Fonte: IGE. Confianza empresarial*

*Nota: Datos provisionais*

**Definicións:**

Saldo ponderado: Diferencia entre respostas de tipo “aumenta” e respostas de tipo “diminúe” a unha pregunta, debidamente ponderadas segundo a importancia da empresa que dá a resposta.

IGACE: Indicador sintético elaborado a partir do promedio de saldos ponderados de preguntas. Pode tomar valores entre -100 e 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios.

---

**Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>